

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 13

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria, correspondente ó mes de agosto, que terá lugar o día 4 de setembro de 2008, ás **DEZ HORAS**, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (Sesión 30.06.08)

XESTIÓN MUNICIPAL

2.- Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.06.08, relativo á adaptación da Mesa de Contratación á nova Lei de contratos. Expte. 4851/101.

3.- Ratificación acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive do 31.07.08 de autorización de ocupación de terreos para a instalación dunha estación de base de telefonía móbil. Expte. 18330/240.

4.- Modificación orzamentaria núm. 66/08 (suplemento de crédito) para incremento de partida "indemnizacións a cargo do Concello" por importe de 1.695.000 euros. Expte. 101282/140.

5.- Dar conta do estado de execución do orzamento correspondente ó segundo trimestre de 2008. Expte. 101271/140

6.- Aprobación da conta Xeral do Concello do exercizo 2007.

SERVIZOS XERAIS

7.- Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.05.08, relativo á reparación da cuberta da lonxa do edificio do Concello polo procedemento de emerxencia. Expte. 17/440.

ASUNTOS SOCIAIS

8.- Aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial das Migracións. Expte. 35583/301.

MOCIÓNS

9.- Moción do Grupo Popular instando a constitución da Comisión de Control da Contratación.

10.- Moción do Grupo Popular propoñendo normas a seguir nas probas da oferta de emprego do Concello.

11.- Moción do Grupo Popular solicitando que se fagan extensivos os programas de axudas á aprendizaxe do inglés a todos os estudantes vigueses

- 12.- Moción do Grupo Popular instando a inclusión nos próximos presupostos de partida para a construción dun pavillón polideportivo en Candeán.
- 13.- Moción do Grupo Popular instando a execución das obras de ampliación do paseo do Lagares.
- 14.- Moción do Grupo Popular instando a apertura da Biblioteca Municipal en horario de tarde na época estival e horario nocturno na época de exames.
- 15.- Moción do Grupo Popular instando a limpeza, salubridade e ornato dos edificios e soares de propiedade municipal no Casco Vello.
- 16.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA, CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO, no salón de Plenos ás **dez horas do día catro de setembro**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv.

Vigo, 1 de setembro de 2008

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.